

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA ESTRADA**

ANUNCIO de convocatoria de proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de funcionario/a de carreira (operario/a de obras e servizos básicos) polo sistema de oposición libre.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra número 33, do 15 de febreiro de 2019, foron publicadas integramente as bases que van rexer a convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de funcionario/a de carreira, operario/a de obras e servizos básicos, integrada no grupo agrupación profesional, escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, polo sistema de oposición libre.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*. Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos na forma prevista nas propias bases.

A Estrada, 22 de febreiro de 2019

José C. López Campos
Alcalde

